

Festas e mitoloxía relixiosa

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Visións nunha casa da Espiñeira

Na Espiñeira, parroquia de Vilaronte, concello de Foz (Lugo), viron unhas luces enriba do lousado dunha casa durante unha semana e sempre á mesma hora.

Ao cumprirse o oitavo día, cando a filla maior entraba para dentro da casa viu un paxariño que voaba cara ela desde o lousado da casa. Para collelo puxo as mans en conca, e colleuno, mais ao abrilas para ver como era só viu que lle quedaban unhas plumas entre os dedos.

Aquela tarde a familia recibiu a mala nova de que o pai daquela moza morrera en Santander de la Barquera (sic) e días despois foi soterrado en Torrelavega.

A partir daquel día xa non se viron máis aquelas luces nin o paxariño, pero outra visión comezou a importunalos: unha man humana petaba coas xemas todos os días no cristal dunha das ventás do cuarto. Disque só se vía desde o interior, que mirando desde fóra non se podía ver.

E así seguiu por moito tempo ata un día en que a nena máis nova da familia enfermou de gripe. Unha noite que estaba soa no cuarto sentiu abrir a porta, e viu entrar ao seu pai que sentou á beira da cama e púxose a falar con ela arredor duna hora coma se estívese vivo.

Ao día seguinte, a nena contoulle á nai todo que vira e falara co seu pai, mais a nai, como é de supoñer, non lle cría nada. A nena insistiu e insistiu, e tanto porfiou que a nai acabou por crela.

Das despois foi ao santuario de Santo André de Teixido, fixo unhas ofrendas, oíu unha misa pola alma do seu defunto esposo, e de alí en adiante xa nunca máis se viron nin sentiron cousas extrañas naquela casa.

BIBLIOGRAFÍA

BASANTA MARTÍNEZ,X., *Foz. Historias, contos e lendas*, Deputación Provincial de Lugo, 2003.

COMENTARIOS ENVIADOS

Perdoe a corrección, pero supoño que se trabucou coas presas, o pobo chámase "San Vicente de la Barquera".

Enviado por O Peto Lareto o 27/02/2010 ás 21:55:35